

PROCEDENCIA: URBANISMO

DESTINO: UNIDADE DE CONTRATACIÓN

ASUNTO: CONTRATACIÓN DA REDACCIÓN DO PLAN DIRECTOR PARA ABRIR FERROL AO MAR E DO PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DO PLAN DIRECTOR.

INFORME EN RELACIÓN A APLICACIÓN DO ARTIGO 183 DA LEI 9/2017, DE 8 DE NOVEMBRO, DE CONTRATOS DO SECTOR PÚBLICO, POLA QUE SE TRANPOÑEN AO ORDENAMENTO XURÍDICO ESPAÑOL AS DIRECTIVAS DO PARLAMENTO EUROPEO E DO CONSELLO 2014/23/UE E 2014/24/UE, DE 26 DE FEBREIRO DE 2014.

A presente contratación ten por obxecto a contratación dos servizos para a redacción do plan director para Abrir Ferrol ao Mar e do proxecto básico e de execución para o desenvolvemento do dito plan director.

O ámbito de actuación que abarca a zona de contacto da cidade de Ferrol coa ría no treito entre a area portuaria de Curuxeiras e a ensenada de Caranza; ao longo de fronte que limita coas instalacións do Arsenal Militar, as de Navantia, as da Escola de Especialidades da Armada e a fronte da ensenada de Caranza cunha lonxitude de 4 km e cunha superficie total de aproximadamente 44 Has distribuídos en 3 sectores ben diferenciados polas súas características:

Zona de contacto dos espazos públicos da cidade dos barrios de Ferrol Vello e da Magdalena coas instalacións do Arsenal Militar de Ferrol.

Zona que abrangue os espazos públicos da cidade do barrio de Esteiro coas instalacións do Arsenal Militar de Ferrol e coas instalacións dos asteleiros de Navantia.

Espazo público que contempla o contacto da ensenada de Caranza e Telleiras, onde se atopa, entre outras instalacións da Armada, a Escola de Especialidades da Armada “Antonio de Escaño”.

Para poder desenvolver con éxito a Abrir Ferrol ao mar deberase planificar e contemplar as actuacións necesarias para que no contacto da trama urbana coa ría desaparezan as barreiras visuais do entorno para posibilitar a relación nestes espazos públicos da cidade co mar.

Ademais disto, as intervencións dotan á cidade dunha oportunidade para empregar estes espazos públicos nos preceptos e obxectivos da mobilidade urbana sostible (mobilidade non motorizada, accesibilidade universal, senda urbana, carril bici, conectividade entre barrios, etc), baixo os principios da infraestrutura verde (mellora da saúde e do benestar, biodiversidade, conectividade, retención e xestión de auga pluvial para evitar inundacións, protección do solo, captación de carbono,etc).

Abrir Ferrol ao mar servirá para cambiar a relación da cidade co mar co obxectivo principal de transformar esta zona de contacto entre a cidade e o mar nun gran espazo público de relación e convivencia que contribúa á posta en valor da cidade de Ferrol no seu conxunto e á implantación dun modelo de integración e principio de identidade da cidade co mar, coa mobilidade sostible e coa infraestrutura verde. A planificación estratéxica e a execución coherente en conxunto deste gran espazo público aprota un beneficio social, económico, ecolóxico, sostible, turístico e de oportunidade a tódolos cidadáns e usuarios da cidade de Ferrol.

Así os obxectivos principais de Abrir Ferrol ao Mar son os seguintes:

- Reordenación da circulación rodada e mejora da seguridade vial.
- Potenciación da mobilidade sostenible, mediante a prolongación do carril bici e itinerarios peoniles que están en execución na fronte do Porto, e a súa conexión co centro urbano.
- Creación de itinerarios e espazos peoniles accesibles en todo a fronte, con fomento de posibles usos deportivos e recreativos.
- Reordenación de prazas de estacionamento e implantación de aparcamentos disuasorios.
- Integración estética e paisaxística da zona de contacto entre o mar e a trama urbana acadando os obxectivos de mellora na infraestrutura verde da cidade.

Coa elaboración da figura do Plan Director preténdese obter un documento organizativo e de planificación daqueles obxectivos estratéxicos e das actuacións necesarias para a súa implantación a partir do diagnóstico do estado actual DAFO (fortalezas, oportunidades, debilidades e ameazas), a análise e a identificación das necesidades, avaliación e programación/planificación das actuacións por tempos/fases e cronograma. Tamén constarán aqueles procesos de participación cidadana (comunicación-feedback) para Abrir Ferrol ao mar.

Como primeira aproximación e traballo previo xa se estableceu un programa de traballos esquemático e valoración aproximada distribuída e correspondente aos tres tramos diferenciados (sectores) xa indicados no ámbito de Abrir Ferrol ao mar.

Estes documentos, xunto coa memoria xustificativa, realizáronse co obxecto da aprobación do “CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS E O CONCELLO DE FERROL PARA ABRIR FERROL AO MAR. SEGUNDA FASE DAS ACTUACIÓNS DE FOMENTO DA MOBILIDADE SOSTIBLE NA FACHADA MARÍTIMA E PORTUARIA DA CIDADE DE FERROL” (CONV 2/2023).

O Plan Director será o que desenvolverá ditos obxectivos principais e non reviste unha especial complexidade mais aló dun documento organizativo e de planificación como se expresa nos documentos xustificativos das condicións técnicas (PPT, informe adxunto ao PPT, informe xustificativo da necesidade, etc) para a contratación destes servizos de redacción.

Tamén se contempla a redacción do Proxecto Básico e de Execución das actuacións que desenvolvan o Plan Director.

Este proxecto dará cumprimento aos principais obxectivos das actuacións propostas que é a rexeneración integral e a implantación do modelo de mobilidade sostible na zona perimetral de contacto da cidade co mar a través de:

- Reordenación da circulación rodada e mellora da seguridade vial.
- Potenciación da mobilidade sostenible, mediante a prolongación do carril bici e itinerarios peoniles que están en execución na fronte do Porto, e a súa conexión co centro urbano.
- Creación de itinerarios e espazos peoniles accesibles en todo a fronte, con fomento de posibles usos deportivos e recreativos.
- Reordenación de prazas de estacionamento e implantación de aparcamentos disuasorios.
- Integración estética e paisaxística da zona de contacto entre o mar e a trama urbana acadando os obxectivos de mellora na infraestrutura verde da cidade.

Neste caso as instalacións urbanas teñen, incluso, menor complexidade técnica e de coordinación que na execución dunha rúa tipo da cidade de Ferrol, dado que tratará da reordenación da circulación existente, da incorporación do carril bici, etc: conceptos asociados coa mobilidade urbana de espazos existentes no que non se varían os servizos

urbanos existentes (abastecemento, saneamento, electricidade, etc); é dicir, as actuacións necesarias, en principio, non esixen a incorporación de novas instalacións urbanas agás a de iluminación pública ou do sistema de rego público para mellorar as condicións da infraestrutura verde. Ambas instalacións urbanas non se caracterizan por ter unha complexidade que necesiten dunha especial resposta ou innovación fóra da resposta propia que encaixa cun proxecto técnico redactado por un equipo multidisciplinar.

Por outra banda, a redacción do Proxecto Básico e de Execución das actuacións que desenvolvan o Plan Director non se estima superior en complexidade a outros proxectos técnicos que xa se realizaron na cidade de Ferrol sen necesidade de fixar o concurso de proxecto para dar resposta á solución xa executada:

rúa San Francisco, rúa Igrexa, Parque de San Francisco, apertura da rúa Miramar, apertura da rúa Máximo Ramos, Parque Raíña Sofía, etc.

Incluso nestes exemplos as instalacións urbanas (renovación e coordinación de servizos urbanos con afección á infraestruturas xerais en usos para a dotación de arterias principais da cidade: rede eléctrica, rede de saneamento, rede de gas, etc) e as afeccións patrimoniais (muralla de San Francisco, etc) son máis complexas que o proxecto que da lugar ao presente informe.

O proxecto técnico suscrito polo equipo multidisciplinar (composto por arquitecto, enxeñeiro de camiños, canais e portos ou enxeñeiro técnico de obras públicas, enxeñeiro agrónomo, etc) garante que a solución de Abrir Ferrol ao mar sexa de maior calidade e afine a resposta nos diferentes planos ou competencias:

movilidade urbana, reorganización dos aparcadoiros, carril para bicicletas e itinerarios peoniles, accesibilidade universal, usos deportivos e recreativos, intervencións con afección patrimonial, integración estética e paisaxística coa apertura ao mar dos espazos da trama urbana existente, infraestrutura verde, etc.

Así nos documentos xustificativos das condicións técnicas (PPT, informe adxunto ao PPT, etc) establécense desglosados e suficientes criterios de valoración dependentes de xuízo de valor e de forma automática para poder acadar a mellor resposta dos licitadores para dar cumprimento aos obxectivos principais de Abrir Ferrol ao mar.

A figura do proxecto técnico previsto responde á perfección dada o nivel de complexidade técnica, medioambiental e paisaxística, funcional e urbanística expresado nos párrafos anteriores e considérase máis que suficiente para ter unha resposta axeitada aos obxectivos

principais de Abrir Ferrol ao mar; por este motivo e polos expostos anteriormente, desde o punto de vista das miñas competencias, informo que en Abrir Ferrol ao mar (Plan Director e Proxecto) non responde á especial complexidade polo que non está no suposto do ámbito da aplicación do artigo 183 da Lei 9/2017 de contratos do sector público.

Ferrol, na data da sinatura dixital.

A arquitecta municipal

María José González Novo